


Inaugurada a ponte de Valdriz tras catro meses pechada para a súa renovación

A ponte de Valdriz, situada na estrada LU-621, reabriu o paso do tráfico despois de catro meses pechada a causa das obras de renovación. As actuacións que se levaron a cabo foron o ensanche da ponte, que pasa a ter dez metros de ancho fronte aos seis que tiña anteriormente, ademais da creación dunha senda peonil e ciclista. Para rematar todo o proxecto, a próxima actuación na contorna consistirá na adecuación dunha senda de 460 metros de lonxitude que une as beirarrúas da capitalidade, A Pobra de San Xiao, coa urbanización da zona de Valdriz. **Pax. 10**

A maxia aterra de novo

As frases Abracadabra e Hocus Pocus volverán soar a partir do día 19 nunha nova edición do festival, que misturará espectáculo e restricións



Por décimo sexto ano, chega o Festival Internacional de Maxia de Sarria, un encontro que traerá de novo artistas do máis alto nivel como Jorge Blas, Mario López, Miguel Muñoz, Raymon ou Jessica Guloomal, entre outros. As xornadas máxicas darán comezo o xoves 19 cunha visita á residencia de maiores, durarán catro días e poderase desfrutar dos mellores trucos en diferentes escenarios da vila. Contarán coas medidas sanitarias regulamentarias e de aforo que correspondan aínda que tamén a programación estará suxeita a cambios por mor da pandemia, dando prioridade ao aire libre. **Pax. 2**

sarria. O Pleno aproba o proxecto de mellora da EDAR. **Pax. 6**

entrevista. Julio Francisco González, presidente de Meigas e Tragos. **Pax. 7**

triacastela. A vila non celebrará San Mamede con verbena. **Pax. 9**

incio. Posibles innovacións en aldeas modelo coma a de Trascastro. **Pax. 9**

paradela. Preparan unha actuación patrimonial para o km 100. **Pax. 11**

samos. Cancelada outro ano máis a Feira de produtos artesanais. **Pax. 11**


deportes. Entrevista a Antonio Feijoo, presidente do Incio CF. **Pax. 14**

Concerto no Buri en agosto




Única actuación en Galicia de Myroslav Levytsky. **Pax. 6**

Outro ano sen Noite Meiga



Posposta a festa de despedida do verán. **Pax. 5**

Un verán distinto de ocio e lecer



A Asociación Val de Láncara ten varias actividades. **Pax. 10**

Ponse en marcha o programa Saborea a túa provincia

Púxose en marcha o programa Saborea a túa provincia cunha demostración das xornadas gastronómicas e lúdicas que percorrerán a provincia. Utilizarán alimentos con distinción da súa calidade como a Faba

de Lourenzán, a Pataca Galega, o Pemento de Mougán, o Lacán, a Tarta de Santiago, o Mel de Galicia ou o queixo San Simón da Costa; e tamén empregarán o Porco Celta, a Galiña de Mos ou o Vacún Galego. **Pax. 13**

GASOLEOS RUXIDOIRA S.L.
Distribución a Domicilio: Automoción, Agrícola y Calefacción

SERVIMOS EN 24/48 HORAS
Tfno. para pedidos 982 541 308
Móvil: 679 489 663
info@ruxidoira.es
Ctra. Pacios a Treboelle s/n Paradela

SARRIA

Volve a Sarria o Festival de maxia

Participarán 16 magos repartidos en catro días, entre o 19 e o 22 de agosto, que mostrarán os seus trucos en varios escenarios

Chega, por décimo sexto ano consecutivo, a maxia a Sarria a través do XVI Festival Internacional de maxia vila de Sarria. As datas nas que se realizará o evento serán do xoves 19 ata o domingo 22 de agosto e congregará a un total de 16 magos, repartidos en catro días onde haberá un montón de eventos en diferentes puntos de Sarria.

Este ano, o festival conta con artistas de alto nivel que traerán, un ano máis, unhas xornadas máxicas dirixidas a todos os públicos. Algúns dos artistas que estarán na vila para mostrar o seu talento serán Jorge Blas, a ventrílocua Celia Muñoz -gañadora de Got Talent España-, Mario López e Miguel Muñoz -ambos campións do mundo-, Miguel Ángel Gea, Dania Díaz -finalista tamén de Got Talent-, Jaime Figueroa, Raymon, Román García, Jessica Guloomal, Samuel Moreno, Daniel Sánchez, o mago Iago, Magic Mateo e Kayto, entre outros.

O xoves 19 dará comezo o festival ás 16.30 horas con maxia na residencia de maiores a través do artista Samuel Moreno. Ás 17 horas, será o turno da maxia infantil con Don Dino xoguetería, que contará con tres pases para

O festival leva 16 anos regalando maxia e ilusión á vila de Sarria grazas aos artistas de todo o mundo que actuaron ata o de agora

que ningún neno nin nena quede sen disfrutar do espectáculo. Así pois, os magos encargados serán Magic Mateo, Raymon e Mago Iago.

Xa ás 20 horas realizarase a gala Sarriaesmagia no Meigallo. Para poder asistir será preciso reservar no Meigallo ou chamar ao número de teléfono 607 405 088. Os magos Dania Díaz, Román García, Roberto Lolo, Raymon e Miguel Ángel García serán os encargados de facer disfrutar aos espectadores dunha gala intensa, emocionante e cargada de ilusión e maxia. Para rematar o día, ás 23 horas, será o turno de maxia de salón no restaurante O Chanto.



Imaxes de arquivo de edicións anteriores do Festival da Maxia



Nesta actuación tamén será preciso reservar entrada no restaurante O Chanto ou chamando ao número de teléfono 665 804 525. Os encargados desta actuación serán Daniel Sánchez e Jessica Guloomal.

Ao día seguinte, o venres día 20 de agosto, a xornada comezará de novo pola tarde, máis concretamente ás 16.30 horas. O espectáculo que se levará a cabo virá da man de Román García, no Capd de Sarria. Ás 17 horas, Daniel Sánchez, Jessica Guloomal, Samuel Moreno e Roberto Lolo, trasladarán a maxia ao Buril con actuacións para toda a familia.

A continuación, ás 10.45, a praza de Santa Marina acollerá a gala Maxia no Camiño, cos magos Dania Díaz e Raymon e, finalmente, ás 23 horas realizarase unha gala no Meigallo na que Miguel Muñoz, Jaime Figueroa, Mario López e Jessica Guloomal serán os encargados de encher o espazo de incredulidade e trucos únicos. A entrada haberá que reservala no Meigallo xa que as prazas son limitadas.

Chegados ao fin de semana, o sábado 21, o festival contará cunha actuación ás 13 horas de maxia de preto -un tipo de maxia de corta distancia onde o número de espectadores é reducido-, nas



terrazas do Malecón, con Samuel Moreno, Román García e Daniel Sánchez como protagonistas. Xa pola tarde, ás 18 horas, haberá un espectáculo de maxia infantil na Unión titulado Todo polo sorriso dun nen@. Neste caso, os magos encargados serán Kaylo, Jessica Guloomal, Daniel Sánchez e Mago Iago.

Ás 20 horas, Miguel Ángel Gea, Miguel Muñoz e Mario López realizarán a gran gala maxia de preto, na casa da Cultura e para pór punto e final á xornada, Jaime Figueroa, Celia Muñoz, Samuel Moreno e Jessica Guloomal serán

os protagonistas da gala Sarriaesmagia no Meigallo. Para esta actuación tamén será preciso reservar no Meigallo.

Finalmente, o domingo 22 de agosto haberá tres actuacións. En primeiro lugar, ás 13 horas, farase unha sesión de Open Magic no As de Pikas, presentado por Jaime Figueroa. Trátase dunha proposta do propio Figueroa que está triunfando en Madrid e na que tamén participarán Miguel Ángel Gea, Mario López, Jorge Blas e Celia Muñoz. É preciso reservar entrada no As de Pikas.

Xa pola tarde, ás 18 horas, rea-

lizarase de novo a gala infantil Todo polo sorriso dun nen@ no Meigallo, que virá da man de Kaylo, Román García e Jessica Guloomal e para a que será precisa a reserva de entradas no propio Meigallo. Para rematar e poñer o broche de ouro a catro xornadas cheas de maxia e ilusión, a praza da vila acollerá a gran gala final na que participarán Miguel Muñoz, Roberto Lolo, Raymon, Jessica Guloomal, Mago Iago, Celia Muñoz, Jaime Figueroa e Jorge Blas.

Un festival que leva 16 anos regalando maxia e ilusión á vila de Sarria grazas aos diferentes artistas de todo o mundo que pasaron, nos que se puido disfrutar de actuacións únicas e especiais. Así mesmo, son 16 anos consecutivos despois de ser un dos poucos festivais en realizarse o ano pasado, un ano complicado no que a maxia non fallou e puido sacar sorrisos e ilusión na vila.

Dende a organización sinalan que a programación está suxeita a posibles cambios a causa da actual situación sanitaria. Por esta razón, recoméndase que nesos días, as persoas interesadas estean pendiente da páxina do Concello, así coma das redes sociais de Roberto Lolo polos posibles cambios que se poidan realizar.

“O festival converteuse nunha tradición na vila de Sarria”

Roberto Lolo é un dos organizadores desta cita cultural

Roberto Lolo é un namorado da maxia dende que é un cativo e, dende hai 16 anos, organiza con moito cariño o Festival de maxia de Sarria para agradecerlle á xente da vila estes anos.

Dende cando leva no mundo da maxia?

A primeira vez que vin maxia foi en Suiza, onde nacín e onde me criei os primeiros anos da miña vida. Levaron a un mago á gardaría cando eu tiña dous anos e non se esqueceu en ningún momento. Acórdome do nome, de como ía vestido, de como era... de todo. Ahí foi cando comezou o meu namoramento pola maxia e, dende entón, meus pais sempre me dixeron que facía de mago. A miña primeira actuación foi con dez anos nas festas do meu pobo, en Vilar de Sarria e dende daquelas comezou todo. Fixen maxia coma afección e, con vinte e algo anos, compaxineino sendo DJ. Despois tiveron que elixir porque non tiña máis opción e optei pola maxia. Actualmente levo sobre vinte anos coma profesional.

Entón, pódese vivir da maxia a nivel profesional?

Sí, eu vivo diso. Pódese vivir de calquera profesión sempre e cando traballes moito, sexas profesional, respectuoso e intentes facer as cousas ben. Hai veces que a xente pensa que non é unha profesión, senón un hobby, pero non, é unha profesión e eu vivo centrado na maxia as 24 horas do día.

Considera que Sarria é unha vila con vinculación a maxia?

O festival leva 16 anos celebrándose. Ao final, a xente xa o ten interiorizado, todo o mundo sabe que hai un festival de maxia aquí que coincide en agosto e de feito, hai xente que programa as súas vacacións para que coincida co festival. Tamén hai xente de fóra que vén exclusivamente para iso. Concretamente de Sarria sí que considero que existe un vínculo, porque senón, este festival non sería posible e a xente non respondería como responde. Eu vexo que ese vínculo se fai máis grande. De feito, nestes 16 anos, vin a nenos facerse adultos e continuar asistindo ao festival, vin adolescentes que agora son pais e que traen aos seus fillos ao festival e vin aos pais que agora son avós e que continúan vindo ao festival. Converteuse nunha tradición na vila e o máis bonito é ver como foron crescendo os máis

pequenos e se converteron en adultos.

É unha das cousas das que máis orgullosos me sinto, de como vin crecer ás persoas e como veñen aquí. Hai un vínculo emocional que se ve ao longo do ano e nos agradecimentos da xente. É algo que a vila valora moito porque ao final, faise un festival chulo, con grandes artistas internacionais que actúan nos mellores teatros do mundo; xente como Jorge Blas, Jaime Figueroa, Miguel Muñoz...

Comezou a realizar o festival con vinte anos aproximadamente, non lle supoñía un gran esforzo?

Non porque sempre o fixen e continúo facéndoo con moitísimo cariño, como agradecemento á xente de Sarria por todos estes anos. Si que é un esforzo pero é algo que fago encantado. Ti cando fas algo de corazón, falo doutra maneira e eu en ningún momento me sentín obrigado a facelo. Fágoo polo cariño que lle teño a Sarria e á xente de aquí e, de feito, aínda que tamén estou moito por Madrid, intento estar en Sarria a maior parte do tempo.

Que é o que máis lle gusta?

O efecto que produce nas persoas. Xente que ao mellor ten un mal día ou que está pasando por un mal momento, que é algo que me din moito nesta época a causa da covid, esquecese de todo o que hai arredor eponse feliz. É o que máis me gusta, a reacción da xente. Incluso en persoas que non cren na maxia e que lles gusta o espectáculo ou incluso pais que tan só van por ver aos seus fillos felices e iso é algo que os fai felices. É algo marabilloso. O que máis me gusta, sen dúbida, é iso, a reacción que produce na xente que o ve.

En canto a outros artistas, hai algún mago co que non actuou e que lle gustaría actuar?

Eu admiro a un montón de magos e puídenos coñecer a practicamente todos. O único que non coñecín é precisamente o que máis admiraba de novo e que era un referente para min: Pepe Carrol. Morreu fai uns anos e foi o único que, xunto con David Copperfield, nunca puíden ver en persoa. O resto que admirei, por sorte, puíden coincidir con eles e, aínda que non compartín con todos eles escenario, si que compartín vivencias en seminarios e

convencións de maxia, algo que valoro moito. Eu son feliz compartindo escenario con calquera artista pero, se teño a oportunidade de admirar a alguén, máis que compartir escenario prefiro compartir charlas. Ao final iso é o que máis me enriquece a nivel persoal e co que máis me quedo.

O ano pasado realizou o festival cunha situación sanitaria difícil, como foi levalo a cabo?

Si que foi máis complicado en comparación a anos anteriores que estaba todo máis relaxado. O ano pasado todo era máis difícil porque se complicou a vida de todo o mundo. Foron momentos de moita incerteza na que non se sabía moi ben que ía ocorrer. Organizar a parte da maxia do festival e toda esa parte, ao ser tantos anos, non houbo problema. O problema chegou cando se uniu a parte sanitaria xa que é algo do que entendo menos e foi un



Lolo, nunha das súas actuacións na rúa

sobre esforzo. Non é que houbera medo, era máis respecto polo que intentabas facer as cousas o mellor posible. Ao final, todo saíu ben e a xente de Sarria portouse de maneira alucinante, para min foi un exemplo de comportamento, civismo e educación. Todo o mundo estaba moi concienciado e houbo unha resposta increíble, non esperábase tanto. De feito, enchéronse os aforos permitidos e o sufrimento polo tema sanitario mereceu a pena vendo o resultado final.

Que significa o festival?

É coma un fillo, sempre o digo. Eu non teño fillos e véxoo un pouco

coma iso, nace, tes que coidalo, mimalo, vai crescendo, telo que educar e facer o mellor posible. A verdade, é moi importante porque é algo co que podo ver a veciños, veciñas, xente de aquí de Sarria, felices e contentos neses días. O que máis me gusta da miña profesión é facer feliz á xente e diso se trata. Para min é a maior satisfacción, ver a reacción da xente. De feito, fun moitas veces a hospitais a actuar de maneira benéfica para xente enferma e é duro, pero cando os ves sorrir pese a todo, sabes que estás facendo as cousas ben e que, no meu caso, elixín o camiño correcto e a mellor profesión.



Roberto Lolo, diante do Baúl do Mago

Muebles

Celeiro

EN VILAPEDRE CTRA LU546 KM16 (Sarria-Lugo)

TEL. 982532451
TEL. 625662962
mueblesceleiro@gmail.com

SILLÓNS XERIÁTRICOS, BUTACAS DE TODALAS TALLAS
CON 1, 2, 3 MOTORES, MANUAIS...
SÓ DAS MELLORES MARCAS

Instalados novos pasos de peóns elevados



Un dos pasos elevados

O Concello de Sarria informa que xa están instalados os sete novos pasos elevados en vías de titularidade municipal. Concretamente, as actuacións realizáronse nas rúas Castela, Formigueiros, Nova, Calvo Sotelo e Anxel Fole.

Con eles preténdese mellorar a mobilidade e garantir a seguridade de todos os peóns. Esta é unha das primeiras actuacións para mellorar a mobilidade urbana en Sarria.

Ecoloxistas sitúan á EDAR entre as incumpridoras

Segundo o informe emitido pola organización Ecoloxistas en acción respecto ás análises de DBO5 en 2020 houbo 18 que rexistraron Non conformidades e delas 9 o fixeron moitas máis veces do permitido. Na provincia de Lugo non cumpriron as de Burela, Foz e Río Lea (Castro de Rei), ademais de Cee-Corcubión, Arcade, Touro, Pontecaldelas, Os Prazeres (Pontevedra), Botos (Lalín), Camboa (Soutomaior) e Maceda. Destaca sobre todo a EDAR de Castro de Rei que non pasou ningunha das 12 análises anuais, Foz con 7 non conformidades de DBO 5 e Pontecaldelas con 6. A maior parte destas EDAR (salvo a de Touro) están infradimensionadas. De entre a 10 depuradoras con límites para nutrientes, a de Sarria que tamén está infradimensionada, incumpriu por exceso de Nitróxeno. Por outra parte, denuncian que aínda que carécese de datos estadísticos das verteduras por aliviaderos, é necesario mencionar esta fonte de contaminación sistémica.

Críticas polo estado do parque do Chanto

Dende o Partido Popular de Sarria denuncian o estado no que se atopa actualmente o parque do Chanto, unha zona verde a carón do río Sarria, onde se sitúan as piscinas municipais, zonas deportivas, merendeiros, restaurantes e un parque infantil, epicentro da vida veraniega de Sarria, cheo de nenos e familias. Así pois, dende o PP sinalan o abandono total no que se atopa, con verxas que continúan con furados dende fai máis de dous anos, coa presa abandonada e o río sucio, con varandas do paseo que están caendo e cun árbol que caeu e que continúan sen ningunha medida de seguridade. Por estas razóns, dende o PP consideran Sarria como o pobo máis abandonado do Camiño Francés. Ademais, tamén critican o estado no que se atopa o Oural, segundo núcleo urbán do Concello de Sarria "mediados de xullo, festas



Parque do Chanto

do traballo, aínda que este ano sexa en familia. Pareceralles razoable aos gobernantes locais seguir a cobrar impostos de solo urbano, tal e como ten o goberno de Claudio Garrido e os Camiña o Oural? Tras ver esta semana como teñen moitas rúas, como teñen o Chanto, vemos Oural, e así todo o Concello de norte a sur. Non hai dereito..."



Esther
Café - Restaurante

Platos combinados
Menú del día
Bocadillos
Raciones

COCINA ABIERTA TODO EL DÍA
We serve all day long

Ternera Cachena

Avenida Nueva Castilla 27632 Triacastela - Lugo
Tfnos.: 982 548 455 / 692 150 256 - info@restaurantesther.com

Organizan unha homenaxe ao escultor José Díaz Fuentes

A Casa da Cultura de Sarria acolle, do 21 de xullo ao 31 de agosto de 2021, unha exposición homenaxe ao escultor José Díaz Fuentes, Fillo Predilecto de Sarria e promotor da exposición Bienal de Arte.

Esta cita xa estaba prevista para o ano pasado, cando se cumprían dez anos do seu falecemento, sen embargo, a causa da covid19, non se puido levar a cabo. Na exposición poderán verse obras que non se expuxeron dende fai anos ou que, incluso, aínda non se viron publicamente.

A mostra contará con participacións de outros artistas -coma Violeta Bernardo, Machús o



Méndez- que aportan os seus traballos para esta homenaxe. Xunto a estes traballos, a ex-

posición componse por unha decena de esculturas e unha selección de debuxos da súa autoría. Así mesmo, haberá dúas esculturas da escultora Florence Normier, viúva do artista, e un cuadro de Mina Vrillet. O aforo no interior da Casa da Cultura está reducido a seis persoas a causa da actual situación sanitaria e a entrada é gratuíta. A través desta exposición, búscase transmitir o recordo, a memoria e o espírito do gran creador de formas que continuará axudándonos a coidarnos e a nutrir o noso pensamento a través de obras artísticas.

Rexeitada a autorización para a construción de catro vivendas



Concello de Sarria

A sección segunda do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) rexeitou conceder a unha empresa autorización para construír catro vivendas unifamiliares na rúa do Bosque en Sarria ao considerar que están proxectadas dentro do territorio histórico do Camiño de Santiago, declarado Ben de Interese Cultural, así como dentro do Convento da Mercé ou mosteiro da Magdalena, ben catalogado. O alto tribunal galego salienta na sentenza que a parcela se atopa "dentro dos propios bens, non na contorna de protección do ben catalogado, nin na zona de respecto do Camiño de Santiago". Os xuíces avalan, polo tanto, a decisión de non autorizar a construción das casas. Así, indican no fallo que, tal e como expuxo a arquitecta autonómica, "o elemento protexido non só é a edificación, senón tamén o

terreo asociado á mesma", á vez que advirten que "non é posible a construción de vivendas na leira dun convento". O TSXG conclúe que existe "unha dobre protección: a derivada do Camiño de Santiago e a derivada da localización do mosteiro". Ademais, asegura que as casas "limitan e desfiguran a contemplación das perspectivas do conxunto urbano e das súas características históricas, alterando e danando gravemente a esencial configuración do ben e do territorio histórico do Camiño Francés". Dende o alto tribunal tamén defenden que non serve co cumprimento das normas urbanísticas para considerar que as obras poidan ser compatibles co Patrimonio Cultural -xa que son competencias diferentes-, xa que, de feito, o patrimonio arquitectónico e cultural ten que ser respectado.

Outro ano sen Noite Meiga

A celebración do medio século de vida da Noite Meiga de Sarria tense que atrasar un ano máis, despois de cancelarse xa o ano pasado a causa da situación sanitaria. Desta maneira, posponse un ano máis -para 2022- a festa coa que a vila de Sarria despide o verán.

Sen embargo, a pesar de que a festa non se vai a levar a cabo a causa das restricións sanitarias, os organizadores, Meigas e Trasgos, prevén organizar o último sábado de agosto -o día 28- algún pequeno acto. Unha das opcións, de feito, é realizar algunha actuación do colectivo.

Desta maneira, Meigas e Trasgos retrasa un ano máis a celebración da 50 edición xa que o que se busca é unha xornada festiva na que participe multitude de xente, algo que, debido ás limitacións e a actual situación sanitaria, non se pode facer.



Imaxe de arquivo da Noite Meiga

Por outro lado, o domingo despois da Noite Meiga, que este ano cae a 29 de agosto, celebrábase a Festa da Empanada ou Tardiña Meiga un acto que dende a organización queren realizar. A Festa da Empanada contan realizala xa que se trata dunha degustación cunha separación suficiente para non ter riscos de contaxios. No caso da Tardiña Meiga, sempre se realizaron actividades para nenos e nenas que este ano se queren levar a cabo.

Unha xornada histórica que naceu no ano 1971 e que se leva celebrando dende daquelas, xuntando veciños e veciñas de Sarria e de vilas próximas, unha noite chega de maxia, ilusión e meigas.

Unha xornada histórica que naceu no ano 1971 e que se leva celebrando dende daquelas, xuntando veciños e veciñas de Sarria e de vilas próximas, unha noite chega de maxia, ilusión e meigas.



O Mazadoiro

O PP de Sarria insta o arranxo do Mazadoiro

Dende o Partido Popular de Sarria instan ao propio Concello de Sarria a que se amaíe O Mazadoiro. Desta maneira, sinalan que se trata dunha curva perigosa e "de gran feísmo urbanístico en estado de abandono polo Concello de Sarria dende fai máis de dous anos".

Así mesmo, defenden que no pleno de decembro do 2019, chegouse a un acordo para

arranxala e urbanizala, sen embargo, un ano e sete meses despois, Camiña Sarria continúa sen facer ningunha intervención nesa zona da vila.

O PP engade tamén, que no pleno de febreiro de 2020 voltou o acordo para o seu posterior arranxo urxente debido a situación na que se atopa pero, despois de algo máis dun ano, a situación segue sendo a mesma.

Xa hai prazos de matriculación para a sección de Sarria na EOI

Xa está anunciado o cartel de matriculación para a sección de Sarria na Escola Oficial de Idiomas. Así pois, pódese estudar inglés dende o nivel A1 ata o nivel C1.1. Os horarios dependen do nivel, sen embargo, para todos os niveis son dous días e dúas horas cada día.

Para matricularse é preciso facer a preinscrición na web do 1 ao 14 de setembro. A lista de admitidos sairá o 18 de setembro na web e, no caso de estar admitido, haberá que matricularse do 18 ao 30 de setembro. Así mesmo, será preciso presentar a documentación requirida a través da aplicación dentro do prazo establecido.

A idade coa que se pode acceder á Escola de Idiomas é dende os 16 anos -inclúe cumprilos antes do 31 de decembro do 2021-. Ou ben aos 14 se non cursas inglés como primeira lingua no instituto.

Para poder entrar nun curso superior poderase realizar unha proba de clasificación na que se indica en que curso estará máis cómoda a persoa interesada según o nivel. Para a proba de clasificación as datas de inscrición son do 9 de xullo ao 8 de setembro.

Para máis información pódese acceder á web ou contactar co enderezo electrónico extension.sarria@gmail.com ou no teléfono 982 870 790.



As actividades deportivas de verán contan con prazas libres

Aínda quedan prazas para as actividades deportivas de verán Aventura no Camiño en Sarria, na que os nenos e nenas participantes disfrutaban de diferentes deportes, excursións e actividades.

As quedas nas que non se cubriron as prazas son do 2 ao 13 de agosto e do 16 ao 27 e pode apuntarse rapazada de entre os 12 e os 17 anos -nados do 2004 ao 2009-. As actividades que se atopan dentro da programación son: rutas de sendeirismo -Camiño de Santiago

e a ruta das Aceas-, xogos sensoriais -O camiño dos Sentidos: ruta sensorial-, xogos deportivos, técnicas vivas e xeocaching, xincanas, multiaventura (orientación e slackline), búsqueda do tesouro pola vila, obradoiro medio ambiental e actividades acuáticas (kaiak, paddel surf e xogos acuáticos).

Unhas xornadas de verán diferentes e entretidas, nas que o ocio, a cultura e o aprendizaxe son fundamentais.

Denuncian que o Concello non conta con brigadas de incendios

O Partido Popular de Sarria denuncia que o Concello non conta na actualidade con brigadas de prevención e loita contra os incendios. Así pois, chegou o verán e Sarria, según o PP, perdeu a maior parte da subvención para este tipo de contratacións.

Ademais, engaden que "estas brigadas non só apagan incendios forestais senón que tamén fan labores de prevención, limpeza e roza de espazos públicos. Este tipo de custos son asumidos na súa maioría pola Xunta de Galicia

e dende o Concello só pediron a axuda para conductor de motobomba".

Así pois, tamén sinalan que "non contratan a xóvenes Sarriáns que están no paro porque non lles da a gana, nun Concello con preto de mil parados. Agardamos que non haxa un incendio forestal estes meses que remate nunha desgraza".

Para concluír, defenden que en outros concellos coma O Incio xa se seleccionaron persoas para as brigadas a diferenza de Sarria.

Audio©linic

Centro Auditivo




Ofrecemos los mejores servicios y la atención más exquisita que se merece su salud auditiva

SERVICIOS: Audiometrías • Adaptación personalizada • Rehabilitación auditiva
Mantenimiento y reparación de audífonos

PRODUCTOS: Audífonos • Protección Auditiva • Tapones de Baño • Accesorios

PROMOCIONES: Revisiones Auditivas • Promoción Audífonos

Praza Maior, 19 - 1º 27001 LUOGO - 982 254 524 - audioclinic@gmail.com - www.audioclinic.es

A vila contará con dous centros plurilingües o vindeiro curso

O curso 2021/22 comezará cun total de 65 centros con modelo plurilingüe na provincia de Lugo, dos cales 11 se incorporan por primeira vez ao proxecto plurilingüe autonómico, mentres que catro centros amplían esta ensinanza á etapa de Infantil (Plurinfantil).

No conxunto de Galicia serán 465 centros (42 máis) os que terán implantado este modelo plurilingüe, que implica a impartición de ata un terzo do horario lectivo en lingua estranxeira.

O CPR Plurilingüe La Merced de Sarria amplía á etapa de infantil cara ao próximo curso ao igual que outros tres da provincia. Deste modo, o colexio sarriao súmase ao Ceip Antonio Fernández López, que ten esta distinción agora pero no ciclo de Primaria.

Esta acción está enmarcada na Estratexia galega de linguas estranxeiras 2020, EDUlingüe, cuxo obxectivo fundamental é estender o plurilingüismo a todas as etapas educativas e facilitar que os alumnos e alumnas poidan acreditar o seu nivel de lingua estranxeira ao final de etapa.

Este modelo, impulsado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, comezouse a aplicar no curso 2010/11 para as etapas de educación obrigatoria, isto é, de Primaria e ESO (o denominado Plurilingüismo clásico). Xa a partir do curso 17/18, a Consellería de Educación ampliouno ás etapas de Infantil (Plurinfantil), Bacharelato (Pluribach) e Formación Profesional (PluriFP).

Iniciadas as obras de reforzo da travesía

Iniciadas as obras de reforzo do firme na estrada LU-546 (Nadela-Monforte de Lemos), que se levarán a cabo nun treito de 10,6 quilómetros entre Nadela e Maceda no Corgo e tamén na travesía de Sarria, onde se actuará en case un quilómetro.

Así pois, destinouse un orzamento de 647.000 euros a estes traballos, que teñen un prazo de execución de seis meses. Ademais, comprobouse o inicio das obras, que consistirán na realización de fresados e a reposición do firme con mestura bituminosa en quente a carril completo.

Na localidade sarriá renovarase a calzada en toda a lonxitude da travesía, co estendido dunha nova capa de rodaxe. Posteriormente instalárase nova sinalización horizontal en todas as zonas acondicionadas.

Dáselle, desta maneira, continuidade ás melloras que foron executadas hai poucos meses noutros 10,7 quilómetros desta mesma vía ao seu paso polos outros municipios.

O Pleno aproba o proxecto de mellora da EDAR e a moción da ponte Ribeira

O Concello de Sarria celebrou dous plenos consecutivos con pouco marxe entre eles.

Nun deles, aprobou dúas mocións presentadas polo Partido Popular. Por un lado, aprobouse a moción sobre a ponte Ribeira e, por outro, a moción sobre Treilán.

Por outra parte, o proxecto de mellora da Edar tamén quedou aprobado. Nel, buscábase unha mellora do saneamento e da estación depuradora de augas residuais na que se conectará un colector. Así mesmo, unha vez que a Confederación Hidrográfica confirmou a modificación do documento atendendo as inxerencias da veciñanza e do Concello, o pleno aprobou o proxecto cos votos a favor do PSOE e do goberno.

En canto ás mocións do Partido Popular, no caso da primeira, o PP defendeu que sempre estivo a favor da construción da ponte e, por iso, instou no Pleno pola execución inmediata do proxecto de reconstrución da ponte Ribeira, coas pequenas modificacións técnicas que foran precisas, licitadas no anterior mandato coa conseguinte reapertura do tráfico rodado na rúa Peregrino.

De feito, según sinalan os populares, xa en 2019 se aprobara unha moción no pleno -con votos a favor do PSdeGa e coa abstención do BNG- na que instaba a execución do proxecto aprobado pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil para que se procedera á construción inmediata da ponte.

Así pois, continúan explicando que o actual alcalde anunciou diferentes tramitacións, execucións e proxectos que ao final, "non se levaron a cabo e son máis de sete anos sen ponte".

Ademais, tamén pediron á Xunta de Galicia a cofinanciación de dita obra, para que poida levarse a cabo da forma máis rápida posible, reorientando os fondos do convenio coa Deputación de Lugo. Por outro lado, no caso de Treilán, dende a formación popular denunciaban que, a pesar da súa cercanía coa zona urbana de Sarria, carece de rede de abastecemento de auga.

Por esta razón, tamén se aprobou a atención ás peticións veciñais presentes e a inmediata redacción dun proxecto de ampliación da rede pública municipal de auga a Treilán e a súa zona de expansión



Unha vista da ponte Ribeira

residencial.

GOIÁN. No segundo Pleno, o Concello de Sarria aprobou provisionalmente a alteración da cualificación xurídica, pasando de ben de domicilio público a ben patrimonial, unha parte dun camiño no lugar do Barrio, na parroquia de Goián.

Así pois, a superficie que se desafecta é duns 335,65 m², na cal, o territorio continúa a ser titularidade da administración pública pero, sen embargo, xa non ten carácter de ben de dominio público e, polo

tanto, xa non está destinado directamente a ese uso público.

Desta maneira, sométese a información pública o expediente polo prazo dun mes, -a contar do día seguinte ao da publicación do anuncio do Boletín Oficial da Provincia-.

Neste prazo poderán formularse as alegacións que se estimen pertinentes e, no caso de que non existan, o acordo realizado no anterior Pleno do 29 de xullo, no que se aprobou provisionalmente a alteración da cualificación xurídica do ben citado.

Celebran un concerto no Buriil o 26 de agosto

O Buriil de Sarria acolle o vindeiro xoves 26 de agosto a única actuación en Galicia de Myroslav Levytsky, un pianista, compositor e produtor clásico de Ucraína que ofrecerá un concerto cheo de sentimento. Así pois, o músico ucraíno realizará unha xira por España no seu European Tour 2019-2021 nestes meses de agosto e setembro nos que actuará por Zaragoza, Valencia e Denia, entre moitos outros lugares, parando tan só nunha ocasión en Galicia.

O recoñecido produtor, líder do popular grupo Braty Bluzu, ten a habilidade de desenvolver sons orixinais continuando coa herdanza romántica do estilo do piano da súa terra, así coma crear un ambiente distendido.

O concerto será ás 22 horas no Buriil de Sarria onde presentará dous dos seus traballos, Elegant Dualism e In Piano. O primeiro deles, está composto por sete cancións e publicouse



no ano 2014, mentres que o segundo, foi publicado no 2017. Así pois, son dous discos diferentes nos que se desenvolven xéneros diferentes, o jazz e o dance respectivamente. A entrada é gratuita e cumpríranse todas as medidas sanitarias correspondentes, como uso máscara obrigatoria, distancia de seguridade, entrada antes do comezo e limpeza de mans, entre outras.



Vista do polígono do Morelle

Os populares critican o estado do polígono industrial O Morelle

O Partido Popular de Sarria critica o estado do polígono industrial O Morelle, onde non se realizou ningunha actuación en 9 meses dende a reunión realizada. Así pois, sinalan que "só houbo parálise e mentiras do goberno municipal".

Por outra beira, consideran que non hai rastro da prometida comercialización e venda de parcelas da que se había falado. Tampouco "da prometida urbanización da segunda fase, nin do prometido solo industrial".

Por estas razóns, dende o PP consideran que outros concellos continúan en crecemento a través de iniciativas e actuacións e, mentras, "Sarria perde tódolos trens".

O Polígono Industrial Morelle, en funcionamento desde o ano 2002, foi promovido e xestionado pola entidade pública Sepes. Ten unha superficie de 122.737 metros cadrados dos que 86.116 metros cadrados son de uso industrial. Esta superficie repártese en 37 parcelas.



“Sería bo que houberse xente nova que intentara tirar por isto”

Julio Francisco González, presidente de Meigas e Trasgos

Julio Francisco González, presidente de Meigas e Trasgos, destaca a importancia de que xente nova con proxectos, gañas e novas ideas, se una á asociación.

Cando naceu Meigas e Trasgos?

As orixes son sobre o ano 68 aproximadamente, pero realmente inscribiuse como asociación no ano 72. A asociación responde a unha inquietude dunha persoa fundamentalmente, Carmela Fernández que foi a fundadora de Meigas e Trasgos e que promoveu este tipo de actividades porque non había nada de tipo folclórico.

Dende cando é presidente?

Vai facer 10 anos, empecei porque se non se metía ningún na directiva, desfaciase o grupo e desaparecía Meigas. Eu, xunto con máis xente que continúa na asociación, participamos en Meigas dende os 8 anos polo que nos doía que desaparecera unha asociación con esta historia simplemente porque non había quen a atendera e quen a levar. Intentamos recuperala a través das actividades propias de Meigas, despois de que estivera parada e sin actividade, ou cunha actividade mínima durante case 10 anos. Fundamentalmente, nela realízanse clases para que todos os pequenos poidan probar polo menos, dentro da cultura tradicional, a música e o baile. Empezamos así, simplemente para ver si podíamos seguir para adiante.

Que actividades ofrecen?

Clases de percusión na que hai pandeireta, tambor, bombo e charrasqueta, clases de gaita, clases de danza tradicional galega e, ademais das clases, participar no grupo facendo

actividades, actuacións e saídas polos arredores de Sarria, entre outras.

Como foi evolucionando?

Positivamente pero moi despaciño. Porque comezamos case de cero, co edificio practicamente abandonado de moitos anos, sen reparacións, con goteiras... un desastre e claro, sen cartos porque non había socios. Había anos que non se pasaban os recibos polo que non había diñeiro para reparacións. A factura que estaba pendiente de auga e de luz era de miles de euros e empezar así é moi costoso e difícil. Sen embargo, fomos pouco a pouco e a día de hoxe temos a economía saneada, o edificio xa está en bon uso e temos sobre 170 socios. Os nosos socios son 170 pero eses son os titulares; en realidade nós facemos socios por familia ou por unidade familiar, é dicir, a parella e os fillos entran dentro dun socio familiar. O noso fin e a nosa meta é que todo o mundo poida acceder a isto, para poderse beneficiarse das clases e de ser socio de Meigas, por iso só cobramos por unidade familiar 30 euros ao ano.

Fai moito que se recuperou a actividade dende esta situación?

Hai 10, dende que empezamos na directiva. Ao principio, como non tiñamos cartos para profesores, nin para, polo menos, pagarlles o desprazamento, comezamos dando clases os da directiva. Eu iniciéi dando clases de gaita, outros de baile, outros de percusión... Así saíamos do paso. Ao primeiro tamén tivemos que facer ás veces de obreiros e de limpadores.

Pero conseguiron salir cara adiante...

Bueno sí, daquela había moitas gañas, a día de hoxe sería bon que houberse xente nova que intentara tirar por isto. É preciso que veñan socios con novos aires e novas iniciativas para innovar. Nós, non é que esteamos cansos, pero falta o ímpetu e o impulso que se lle pon aos proxectos novos. Sería bon pero actualmente é complicado buscar xente que se anime a comprometerse neste tipo de actividades, que non reportan economicamente absolutamente nada, senón que moitas veces costan cartos aos que temos a responsabilidade. Sen embargo, merece a pena, é algo importante de manter.

Entón hai plans de futuro?

O ano que íamos celebrar o 50 aniversario chegou a covid-19

Sí claro, nós queremos seguir medrando. Por desgraza o último ano que íamos celebrar a Noite Meiga, sendo o 50 aniversario, chegou o ano da covid e quedamos sen celebrala. Foi unha mágoa porque queríamos facer unha festa por todo o alto, enorme e, ao final, xa son dou anos que non a celebramos. Esperemos que para o ano xa estea superada a crise e poidamos celebrar o 50 aniversario como se merece.

Partindo deso, hai moitos proxectos, sen embargo cartos hai poucos. Dende hai 8 ou 10 anos, coa pasada crise, acabou a financiación da cultura. Hoxe en día apenas hai subvencións, solo para cousas moi puntais. Antes, para a cultura invertíase moito, dábanse axudas para materiais, actuacións e todo ese tipo de cousas que son imprescindibles pero que, a día de hoxe, non se dan. Por iso, traballamos con presuposto cero en cada unha das actividades que realizamos tendo que pedir ou buscando axudas para que non lle custe nada ou case nada á asociación e poidan saír adiante as diferentes actividades que facemos.

Queremos saír adiante pero de for-



ma diferente. Por exemplo o magosto. O magosto tradicional celébrase en todos os lados, sempre é unha complicación e acaba sendo igual que o resto. Por iso, nós decidimos ir máis aló e realizar unha xornada mitolóxica. Unha xornada de outono na que, en lugar de castañas, íamos ás setas. Gústannos as cousas dese tipo, polo que procuramos poñer algo de imaxinación para xuntar aos poucos recursos cos que contamos para facer actividades.

Este ano que non se vai celebrar a Noite Meiga, van facer algunha actuación ou espectáculo?

Sí, todavía está por pechar o programa porque cada día a situación cambia e pensas se pode merecer a pena ou si vas a poder celebrar algo. A intención é facer, simplemente, unha actuación dos nenos e nenas que bailan e do grupo de gaitas o mesmo día da Noite Meiga, o sábado 28, sen entrega de agasallos, sen pregón e sen a danza. Imos facer unha Noite Meiga pero sen festexar o 50 aniversario. Ao fin e ao cabo, non queremos facer un 50 aniversario con limitacións de aforo e con este tipo de circunstancias coas que é imposible facer unha festa que merece o 50 aniversario.

Ademais, o domingo despois da Noite Meiga facemos a festa da empanada, algo que imos manter igual porque, realmente, son grupos pechados. Cada grupo colle unha mesa que está separada das outras. É unha actividade que permite levarse a cabo coas circunstancias nas que estamos sen correr grandes riscos. No caso da Tardiña Meiga igual porque é a mesma situación. Non hai aglomeracións de xente nin hai que limitar o aforo porque en Meigas temos, por sorte, un espazo perfecto e suficientemente grande para ese tipo de cousas.

A pandemia foi un golpe duro para a asociación?

A verdade é que sí, quedou conxelada a actividade e, de feito, no ano 2020 non pasamos si quiera as cuotas. Sen ofrecer nada non nos parecía correcto e consideramos que xa suficientes problemas económicos tería a xente. Sen embargo, este ano sí que imos pasar os recibos para arrancar, senón tampouco se pode facer nada.

Tras a pandemia, pensaron en algún momento cesar a actividade?

Non, dende logo que non. A nosa teima é precisamente para que non se acabe e que Meigas poida durar outros 50 anos se pode ser. Simplemente porque pensamos que merece a pena manter a cultura que temos e non deixar que morra, nin que se perda. Paréceme fundamentar aportar polo menos, o noso graniño de area. Ademais, consideramos fundamentar dar a coñecer á xente a súa cultura porque realmente sin este tipo de grupos ou asociacións, a cultura popular e do pobo acabaría perdida. Os nenos e nenas teñen que probar, participar e saber como funciona isto, xa despois decides se segues ou non segues. O caso é que despois de telo practicado e coñecido, cando o volves ver, xa che pica máis, xa o miras doutra maneira. Hai xente que, de feito, emprende cando son adultos. Nese sentido penso que é unha labora importante e bonita ao mesmo tempo.

Que considera que significa para Sarria esta asociación?

Hai que recoñecer que significou máis do que significa, por desgraza é así. O parón que tivo provocou feridas e, de feito, casi feridas de morte. Pero bueno, é imposible manterse arriba sempre e ten que haber altos e baixos, momentos mellores e momentos nos que a cousa vai algo peor. É algo inevitable.

Antes, cando comezou Meigas, durante ao mellor 20 ou 30 anos, toda a xuventude de Sarria pasou por aí. Era o que había. Era raro que non se pasase por esa parte da aprendizaxe, polo que tivo moita relevancia nese sentido. Ademais, antes invitábanse a moitas autoridades importantes que viñan dar o pregón ou estar alí. Naquela época facíase así, agora iso non ten sentido. É outra sociedade e outra maneira de entender a cultura, polo que hai que comezar dende abaixo e ir pouco a pouco facendo o labor. O traballo do día a día é ir medrando, chegando a canta máis xente mellor e mostrando a cultura que temos. Por iso tamén é importante que se renove a directiva e os socios, que veña xente con ideas, con impulsos e con novos proxectos. É o máis complicado que temos agora mesmo, buscar xente nova, xente con ganas de traballar, de facer cousas e, actualmente, é o labor co que deberíamos pasar máis tempo e invertir máis recursos.



COMARCA

A supresión de caixeiros chega ao Parlamento



O PSOE galego esixiulle á Xunta que “acaden unha solución política” a través do diálogo para “meter en cintura” ás entidades bancarias que operan en Galicia e frear a exclusión financeira dos concellos galegos. Francisco presentou unha pregunta oral neste sentido no Pleno do Parlamento.

O responsable socialista lembrou o peche de 1.000 oficinas bancarias desde 2008, deixando a 45 concellos galegos sen ningunha delegación e outros 118 concellos que só teñen unha oficina bancaria, ás que se suma o anuncio de Abanca de pechar as oficinas de Cerdido, Carballedo, Cerdedo – Cotobade, Soutelo de Montes ou Seixo –Marín-.

Francisco criticou que estas entidades empreguen diñeiro público que está a ser inxectado polo goberno galego para manter caixeiros en realidade para “maximizar beneficios”, porque “se seguen a pechar oficinas a solución non será que a Xunta de Galicia siga a poñer diñeiro público”. Ademais, lembrou que se trata de entidades que veñen de ser rescatadas por inxentes cantidades de diñeiro público para despois ser

vendidas.

O parlamentario socialista salientou que o proceso de dixitalización da banca no debe supoñer un “prexuízo evidente para a xente maior ou con menos recursos” para empregar estes sistemas atópanse con “máis dificultades para acceder a un servizo básico como é o financeiro e acadar diñeiro en efectivo”.

CONTESTACIÓN DO GOBERNO. Pola súa banda, O conselleiro de Facenda e Administración Pública, Valeriano Martínez, explicou a iniciativa posta en marcha pola Xunta de Galicia para instalar caixeiros e prestar servizos de asesoramento financeiro nos concellos do rural.

Durante a súa intervención no Pleno do Cámara galega para responder a unha pregunta oral sobre servizos financeiros, defendeu que esta iniciativa busca, ademais da instalación de caixeiros, a prestación dos servizos de asistencia e formación financeira. Neste sentido, Valeriano Martínez sinalou que Galicia conta cunha das iniciativas máis ambiciosas do Estado para evitar a exclusión financeira no ámbito rural.

Os autómatas de Kinetiko visitarán dous concellos

A mostra de autómatas Kinetiko visitará trinta concellos nos meses de agosto e setembro.

A exposición inclúe oito pezas únicas, deseñadas e construídas polo titiriteiro Ero Vázquez, de Trécola, e do xogueteiro Manu Taboada, da Chintofanería, que se uniron no proxecto Xira Paus. A partir do movemento dunha manivela ou dun pedal, nas distintas estruturas cobran vida personaxes que reproducen sons e melodías –un pandeireteiro, unha guitarrista – e que recrean pequenas historias.

A mostra está pensada para que o

público poida manexar os mecanismos das distintas pezas e ver como funcionan. Así, os seus creadores estarán nas distintas localidades para facer demostracións e guiar ás persoas asistentes na visita.

O deseño e construción de autómatas -enxeños que se moven imitando seres vivos-, moi ligado ao mundo do teatro e do xoguete, é, segundo explica Ero Vázquez, unha actividade que ten precedentes na Grecia Antiga e que se mantivo ao longo do séculos en diferentes culturas.

A mostra estará en Triacastela o día 17 de agosto e en Sarria o 27.

A covid-19 comeza a remitir


Sarria, que xa pasou o pico, mantén un gromo que baixa moi lentamente

O virus da covid-19 volve ser o protagonista do verán tanto na comarca como no resto da provincia, comunidade autónoma e estado. A chegada do bo tempo e dos turistas, combinando coa relaxación de medidas trouxo un aumento descontrolado, con especial virulencia nos menores de 30 anos, que están sen vacinar.

Nesta ocasión, o foco principal estivo na Mariña con concellos como Viveiro, Burela e Foz en cifras tan altas que levaron á provincia, por primeira vez en meses, a acadar a alerta máxima.

Na comarca sarriá os peores datos de contaxios estiveron en Sarria. Un gromo pouco antes das patrónais mantivo á vila en vilo durante as mesmas e aínda non logrou baixar o estado do de alarma medio no que se atopa. Este estendeuse aos concellos veciños pero malia que aumentou a incidencia, esta non se disparou.

Aínda así, parece que o peor xa pasou e comezan a remitir os novos contaxios na maior parte dos concellos. O que si está alta é a hospitalización, coas UCI recibindo pacientes, pero tamén contan cunha tendencia á baixa. Por outra banda, tras moitas semanas sen de-



funcións producíronse cinco nesta quinta quenda da covid, todos maiores e con patoloxías previas. Ademais, coa intención de parar o crecemento, fixéronse distintos cribados entre a poboación moza, a máis afectada, pero a participación foi moi escasa o que levantou numerosas críticas.

Coa chegada da quinta vaga, chegaron tamén novas restricións. Non volve ser obrigado o uso de máscaras ao aire libre pero quedan restrinxidas as reunións de non conviventes, limitadas en ex-

terior de 10 persoas e a 6 en interior. Tamén reduciron aforos na hostalaría e faise obrigado presentar un certificado de vacinación ou unha PCR negativa para poder entrar nestes locais nos concellos en alerta máxima ou alta. Si pecha o ocio nocturno pero non haberá tampouco peche perimetral.

Se a tendencia á baixa continúa e avanza a vacinación, que xa comezou entre os menores de 30 e un grupo de 16-18, é probable que volvan a rebaixar as restricións antes de que remate o verán.

Abre o prazo das axudas para a mellora de servizos no rural

A Deputación de Lugo abriu o prazo para solicitar as subvencións do programa de Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios, unha nova iniciativa da institución provincial para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas do rural que conta cunha dotación económica de 300.000€. Trátase dunha liña de axudas de concorrencia competitiva á que, tal e como informou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, poderán optar durante un mes –ata o vindeiro 28 de agosto– as entidades asociativas da provincia, segundo aparece recollido no Bolelín Oficial da Provincia (BOP) do día de onte, 27 de xullo, cando se publicaron as bases do programa.

Poden pedir estas axudas, que oscilarán entre os 1.000 e os 6.000€, entidades asociativas, tales como asociacións e agrupacións de veciños e veciñas, comunidades de usuarios e



usuarias de augas, comunidades de montes ou asociacións de gandeiros, agricultores ou produtores forestais da provincia para realizar investimentos en inmobles ou para equipamentos que sirvan para mellorar a calidade de vida, e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES.

Entre as actuacións subvencionables atópase a mellora, adecuación do firme ou sinalización de vías públicas comunais e os seus accesos; as obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais nos que a entidade desenvolve a súa actividade; adquisición de equipamentos para os locais que resulten necesarios para o funcionamento común da entidade; obras novas de mellora, reforma e reparación das infraestruturas e instalacións das traídas de augas comunitarias, promovidas por comunidades de usuarios de augas; construción de depósitos de auga comunitarios ou acondicionamento e recuperación dos existentes, así como das súas captacións, canalizacións e acometidas; e obras de acondicionamento e recuperación de espazos públicos comunais, fontes comunais e a súa contorna.

o incio

Estudan novas actuacións na contorna da aldea de Trascastro

Estúdase a posibilidade de levar a cabo novas actuacións na contorna da aldea modelo de Trascastro, no Concello do Incio.

Desta maneira, comprobouse o estado duns muíños situados na propia aldea, así como un sendeiro ao longo do río que rodea Trascastro. As actuacións a estudar tamén comprenderían a posibilidade de mellorar os accesos á esta aldea modelo, unha das primeiras en ser aprobadas en Galicia e a primeira de Lugo en pórse en marcha. Neste senso, cabe lembrar que esta iniciativa abrangue un perímetro de 14 hectáreas, distribuídas nun total de 178 parcelas pertencentes a 104 propietarios. Noutra orde de cousas, informouse que xa se estaba a traballar na delimitación dos soutos tradicionais a inventariar e que formarán parte do plan que contempla a recuperación de arredor de mil hectáreas deste tipo de terreos no conxunto da comunidade autónoma.

Neste sentido, ao longo de Galicia trabállase noutras zonas -ademais de no Incio-, como son a ribeira do Sil tanto na provincia de Lugo



Visita para supervisar os cambios

como na de Ourense, na contorna do río Loio en Paradela, así como en áreas da montaña luguesa, caso do concello de Folgoso do Courel. Este plan de recuperación de soutos tradicionais, xunto coa Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, busca impulsar figuras como as agrupacións de xestión conxunta da terra, claves para a posta en valor dos soutos.

MONTE DE TRASCASTRO. O Diario Oficial de Galicia publicou o anuncio polo que se someten a información pública os procedementos de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas de catro montes da provincia de Lugo. En concreto, inscribíranse 29,1577 hectáreas do monte veciñal en man común de Trascastro, de titularidade dos veciños desta aldea do Incio. Así, a masa forestal do monte de Trascastro que se quere inscribir no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas correspóndese con formacións dominadas por carballos, bidueiros e castiñeiros (*Quercus robur*, *Betula sp* e *Castanea sativa*).

mentos de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas de catro montes da provincia de Lugo. En concreto, inscribíranse 29,1577 hectáreas do monte veciñal en man común de Trascastro, de titularidade dos veciños desta aldea do Incio.

Así, a masa forestal do monte de Trascastro que se quere inscribir no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas correspóndese con formacións dominadas por carballos, bidueiros e castiñeiros (*Quercus robur*, *Betula sp* e *Castanea sativa*).

Denuncian o mal estado no que se atopa a Casona do Incio

Os populares aceptaron a emenda presentada conxuntamente por PSOE e BNG para solucionar o estado de abandono no que se atopa a Casona do Incio, que é titularidade da Deputación. Segundo expuxo o vicevoceiro José Antonio García este edificio “é un emblema do patrimonio de Lugo e do Concello, polo que os veciños non merecen todo o desprezo dos presidentes socialistas durante 14 anos, que non fixeron nada e hoxe está en risco inminente de caer de forma definitiva”, exclamou.

García relatou todos “os incumprimentos que os diferentes gobernos de esquerdas cometeron durante todos estes anos respecto a este proxecto. Foi iniciado polo Partido Popular con Francisco Cacharro como presidente e dende iso o que houbo foron improprios e incumprimentos. No ano 2015 representantes desta Deputación, ante a caída parte do inmovible, faláron do inicio inmediato de obras para salvar este símbolo do Incio”. Así pois, defenden que na rolda de



Estado no que se atopa a Casona

prensa de marzo do 2015 “antes das eleccións municipais celebradas nese ano, a entón alcaldesa do Incio estivo acompañada por Lara Méndez, daquela vicepresidenta da Deputación, e por Pilar García Porto, que prometeron que as obras de rehabilitación comezarían antes de que rematase ese mes, obras para as que a Deputación aportaría 250.000 euros”. Despois diso, dende o Partido Po-

pular lamentaron que o que comprobaron os veciños do Incio foi unha vez máis “o engano por parte do goberno provincial presidido polo PSOE xa que este tan só se limitou a enviar un grupo de operarios cunha retroexcavadora para derrubar un dos alpendres ubicados ao carón do inmovible principal, sen dispor sequera de ningún tipo de autorización ou proxecto que avalase tal actuación”.

triacastela

A vila non celebrará San Mamede con verbena pero si con actuacións



Centro de Triacastela

A localidade de Triacastela non celebrará este ano con festas e verbenas a súa festividade local, o San Mamede. Así pois, a alcaldesa, Olga Iglesias, informou que a romaría típica do pobo non se levará a cabo aínda que haberá programación alternativa.

A capela de San Mamede, que tan só abre unha vez ao ano -17 de agosto- para acoller a misa na honra do patrón, quedará un ano máis selada. Sen embargo, a vila non quedará sen ningunha actividade xa que, nese día, haberá unha actuación de maxia do mago Antón.

O espectáculo denomínase A volta a Galicia en 313 Concellos e comezou cando o Mago Antón, no 2018, emprendeu unha nova aventura no magomobil coa idea de achegar a maxia a todos os concellos de Galicia. Estas representacións suelen estar limitadas cun

máximo de 70 espectadores por función e están dirixidas a todos os públicos.

Unha actuación que traerá ilusión e humor nunha xornada diferente, chea de maxia para que os máis pequenos e os maiores disfruten dun espectáculo que chega a todos os recullidos de Galicia. Así mesmo, a esta actuación súmase o concerto da banda filarmónica de Lugo, que tocará nun día ameno no que se unirá a música e a maxia.

EMILIO RÚA. Por último, Emilio Rúa, cantautor ourensán ofreceu o primeiro sábado do mes un concerto na praza da Igrexa, no que a veciñanza amosou as gañas que tiña de pasalo ben.

O concerto deste artista, que comezou na música aos cinco anos, levouse a cabo ao aire libre cumprindo con todas as medidas sanitarias existentes.

Restablecido o servizo médico no centro de saúde

O Concello de Triacastela informou aos veciños e veciñas que se restablece o servizo médico tal e como se viña prestando, con atención médica e citas presenciais de luns a venres, sen a necesidade de desprazarse a outros lugares.

Así mesmo, os doentes poden pedir as súas citas como viña sendo habitual.

Esta situación vén dada despois de que a corporación municipal de Triacastela aprobara por

unanimidade nun pleno extraordinario unha moción do equipo de Goberno para que o Sergas restaurara o servizo médico tal e como se viña prestando e sume un reforzo de enfermería cun ATS.

Así mesmo, a isto engadiuse que o Goberno de España convoque unha proba de acceso MIR de forma extraordinaria que permita cubrir as baixas dos médicos nos centros de saúde, nomeadamente no de Triacastela.

Inaugurada a ponte de Valdriz tras catro meses en renovación

A ponte de Valdriz, situada na estrada LU-621, reabriu o paso do tráfico despois de catro meses pechada a causa das obras de renovación. A inauguración da ponte realizouse xa coa presenza das autoridades políticas, que revisaron os traballos realizados durante este tempo.

As actuacións que se levaron a cabo foron o ensanche da ponte -que pasa a ter dez metros de ancho, fronte aos seis que tiña anteriormente- e a creación dunha senda peonil e ciclista.

As obras foron licitadas cun orzamento de case 730.000 euros, aos que se engaden 103.200 euros investidos no retranqueo e soterramento da liña de evacuación da hidroeléctrica de Valdriz. Así mesmo, considérase que esta ponte era un punto conflictivo no municipio polo que veciños e



Unha imaxe da ponte, xa rematadas as obras

veciñas xa demandaran a realización dunha obras que o melloraran.

Para rematar todo o proxecto, vaise levar a cabo unha senda de 460 metros de lonxitude para que una a beirarrúa da Pobra de San Xiao coa urbanización de Val-

driz.

A pesar disto, dende o Concello consideran que os traballos teñen que ir máis alá porque a ponte aínda presenta perigo para os condutores que a transitan, sobre todo para vehículos de gran capacidade.

O Veráncampus e Diver Mañás, programación para a rapazada

O Concello de Láncara organiza o Veráncampus 2021, unha serie de campamentos dirixidos a nenas e nenos de entre 7 e 17 anos. Desta maneira, os pequenos e pequenas poderán desfrutar de xornadas lúdicas e educativas, nas que se levarán a cabo actividades deportivas, medioambientais, rutas de sendeirismo e miniolimpiadas, entre outras.

As datas nas que se levarán a cabo será do 19 de xullo ao 19 de agosto, dividíndose en quendas semanais -de luns a venres-. Así pois, as prazas son limitadas polo que é preciso inscribirse -no caso de que sean nenos e nenas empadroados no Concello de Láncara terán preferencia-.

Ademais, os campamentos contan con prazas dispoñibles para nenos e nenas con necesidades educativas especiais. Por outra banda, dende a organización recordan que se seguirá un protocolo de acción e prevención sobre a covid19 e faranse grupos reducidos.

Para máis información ou para calquera dúbida pódese consultar na sede electrónica do Concello de Láncara.

DIVER MAÑÁS. O Concello de Láncara organiza as Diver Mañás 2021, uns campamentos de ve-



rán para nenos e nenas de entre 4 e 10 anos. A celebración destes campamentos son do 19 de xullo ata o 19 de agosto, as mañás de luns a venres. Neles, búscase que os participantes pasen unha mañá entretida a través de xogos e dinámicas nas que poderán aprender ao mesmo tempo que se divirten, nun ambiente de respecto e de educación.

As prazas do campamento son limitadas polo que é precisa a inscrición que será ata esgotar as prazas dispoñibles. Así pois, os nenos e nenas que estean empadroados no Concello de Láncara terán preferencia.

No mes de agosto, as quendas serán do 9 ao 13 e do 16 ao 19. A inscrición poderase facer cada un por separado ou para os dous minicampamentos xuntos, coa opción de elixir horarios -sempre que estean dispoñibles e ata cubrir a totalidade das prazas ofertadas-. Os horarios nos que se pode elixir son de 10 a 14 horas -horario continuo-, ou horario partido, de 10 a 12 e de 12 a 14 horas.

Para concluír, recordase que se levarán a cabo as medidas de seguridade, así coma o protocolo de acción e prevención sobre a covid19. Para máis información pódese consultar a web do concello.

A Asociación Cultural enche o verán de actuacións e actividades

A Asociación Cultural Val de Láncara organiza nestes meses de xullo e de agosto diferentes actividades e actuacións para poder gozar dun verán distinto, cunha oferta de ocio e de lecer dirixida a todos os públicos.

O programa coas diferentes actividades xa comezou e seguirá en agosto, o primeiro fin de semana, realizaranse diferentes actividades lúdicas e amenas coas que disfrutar duns días diferentes. As xornadas de ocio continuarán en Láncara o 13 de agosto cos Seráns de música protagonizados, desta vez, por Brea no vento, un proxecto poético de José Manuel Brea cargado de sentimento e de historia. O sábado 21 de agosto será o turno do humor co monólogo de Brais Doval e Oswaldo Digón. Os xa coñecidos cómicos pertencentes ao programa televisivo Malicia Noticias, chegan a Láncara para arrincar risas entre os veciños, veciñas e visitantes que



participen nesta xornada.

O venres 27 de agosto voltará a música cos gaiteiros de Láncara, cos que se poderá disfrutar de música tradicional e de músicos locais que amenizarán o día. Para finalizar coas actuacións neste verán, levarase a cabo o domingo 29 de agosto o cine de verán coa proxección do filme Ons, un drama psicolóxico dirixido por Alfonso Zarauza.

Organizan actividades acuáticas ata setembro

Láncara organiza diferentes actividades acuáticas durante este mes de agosto e primeiros do mes de setembro, para refrescar o verán dos máis pequenos de maneira lúdica e divertida.

A primeira actividade que se vai a realizar será o 14 de agosto, esta actividade realizarase na praia fluvial de Láncara para que todos os veciños e veciñas poidan disfrutar de un día refrescante e ameno. Os días 20, 21, 22 e 23 de agosto voltará a actividade á praia fluvial da Pobra de San Xiao, onde o deslizador acuático Z-Gravity será o encargado de poñer a diversión. Novamente, unha actividade acuática para que os días de agosto sexan o máis amenos e refrescantes posibles.

Para rematar, o sábado 4 de setembro, a praia fluvial de Láncara acollerá unha xornada de actividades fluviais gratuítas. Tobogáns, kaiaks, paddle surf e rocódromos acuáticos, son algunhas das actividades das que todos os nenos e nenas que o desexen poderán disfrutar. O horario no que se le-



vará a cabo será de 16 a 19 horas e os participantes contarán con monitores especializados, que lles ensinarán e cos que farán as diferentes actividades dispoñibles.

Desta maneira, os nenos e nenas gozarán dunha tarde de río diferente, fresca e amena; na que se poderán xuntar veciños, veciñas e visitantes da vila.

Estas actividades están dirixidas a nenos e nenas de entre 3 e 16 anos que poderán disfrutar de xornadas de ocio e de lecer. Así mesmo, levaranse a cabo as medidas sanitarias correspondentes. Ademais, as actividades están condicionadas ás disposicións que diten as autoridades sanitarias con motivo da incidencia da covid19.

“O noso obxectivo é non deixar morrer a banda e que siga cara adiante”

A Banda de Música leva 36 anos en activo e busca relevo xeracional

A banda de música de Paradela continúa activa despois de 36 anos e conta cunha escola de música coa que queren seguir crecendo.

En que ano se creou a banda de música?

Pois fai 36 anos, cando eu tiña 7 anos. É algo que vén de fai tempo, o que pasa é que nós levamos con ela 7 anos aproximadamente.

Cantas persoas compoñen a banda?

Agora mesmo somos sobre 25 persoas máis ou menos.

Tiveron nalgún momento problema de encontrar compoñentes?

Non, de momento non.

Como foi evolucionando a banda?

Dende que a levamos nós, fixemos unha escola de música e creamos unha asociación. A escola puidemola crear coa axuda do Concello e, actualmente, están aprendendo nove nenos e nenas. No Concello de Paradela hai sobre 50, polo que ter nove nos parece un logro. Levamos aos pequenos por ahí a ver a outras bandas para que vaian aprendendo, ademais das clases

e, tamén levamos aos máis grandes con nós cando temos actuacións.

Crearon grazas ao Concello, sempre lles axudou durante todos estes anos?

Mentras a banda contaba con máis de trinta persoas tampouco se necesitou axuda porque daquelas había moitas fechas e nós eramos rapaces novos, polo que non había problema. De feito, o director que tiñamos non cobraba as clases, facíao todo por vocación. Foi pasando o tempo e cada vez se uniu máis a nós polo que xa non quería saber de tema económico.

Agora todos os profesores son rapaces novos de carreira polo que sí que cobran. Os pais e nais aportamos cartos pero o Concello axúdanos porque senón non poderíamos mantelo. Con nove nenos actualmente temos tres profesores. Para manter tres profesores, se non recibísemos a axuda do Concello, sería moi complicado. Aínda que houbera algúns que quixeramos aportar moito e nos cobrarán o que fora para que aprenderan, hai outros que non teñen eses medios polo que o acabarían deixando. Desta forma, xa vai para cinco anos que temos eses nenos e nenas e que poden estar aprendendo.

De feito hai dúas nenas e un neno de tres anos que non contei que están tamén aprendendo linguaxe musical. Son todos moi cativos e, de feito, a máis maior ten 11 anos.

Cantos días ensaian á semana?

Os sábados ensaia a banda e, agora en verán, os martes pola tarde é cando teñen os nenos e nenas as clases. En inverno, cando teñen colexio téñenas os mércores. Cada neno ensaia co instrumento de forma individual co seu profesor durante unha hora e, por outro lado, teñen as clases colectivas que son de linguaxe musical.

Cales son os próximos concertos que tedes? Sempre se moven polos mesmos lugares?

Agora mesmo temos tres fechas e son todas no Concello de Paradela; o 29 de agosto e despois en setembro o 19 e 29. Sen embargo, imos moito cara a zona de León e a zona de Vegadeo. De feito, a Vegadeo imos casi todos os anos actuar en Semana Santa. En Asturias tamén facemos bastantes.

Cal é o obxectivo da banda?

Que siga cara adiante. O noso obxectivo é non deixalo morrer e que siga cara adiante. Crecer



Actuación da Banda de Paradela

pouquiño a pouco.

Que instrumentos tocan?

Pois somos casi todo vento madeira e, despois, percusión. Tamén hai uns nenos aprendendo teclados e outra guitarra.

Como se ensaiaba durante a pandemia?

Os nenos e nenas ensaiaban cos profesores por vídeo chamada xa que foron momentos complicados e non nos podíamos xuntar.

Como é a acollida da xente cando disfruta dos seus concertos?

A verdade é que choran. Cando é por fóra non porque ninguén sabe polo que realmente pasou a banda pero cando é xente de aquí e ven aos nenos e nenas choran. Emociona velos.

Que supón para vostede a banda?

A min emocióname. Para min, se che digo a verdade, é casi toda a miña infancia. Cando estaba no colexio casi todo era música,

todo era ir a tocar. Para min a banda é moito, é coma unha segunda familia.

En canto a futuro, hai proxecto a longo prazo?

Sí, de feito andivemos buscando xente e puxemos carteles anunciando a escola e animando a nenos e nenas a que se incorporen independentemente do Concello ao que pertenza. Actualmente, temos xente de Sarria aquí aprendendo.

Non son todos de Paradela?

Non, tamén hai xente de Sarria. A nosa idea é que eses nenos e nenas se queden con nós. Hai que ser realistas, Paradela actualmente ten pouca poboación e claro, é moi difícil facer que a banda sexa exclusivamente de Paradela. Temos a sorte que os que estamos de vellos somos casi todos de aquí, entón o que é o pé da banda sí que é de Paradela. En canto aos pequenos, ao fin e ao cabo, son moi poucos no Concello polo que ter nove xa me parece un logro.

samos

Cancelada outro ano máis a Feira de produtos artesanais

Samos non acollerá este ano a Feira de produtos artesanais. A cita, que naceu en 1993 e que se organizaba dende o Concello e dende a Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos, non se celebrará este ano a causa da situación sanitaria.

Desta maneira, chega outro ano no que non se poderán disfrutar dos obradoiros, dos desfiles e das actuacións tradicionais, protagonizadas pola artesanía e pola cultura que transmitía un evento. A Feira conseguía atraer a turistas, así como a veciños e veciñas que gozaban dunha festividade tradicional e típica da



comarca. Ademais, contaba con actuacións e actividades variadas, así coma a mítica misa no Mosteiro de Samos.

A posta en valor da produción

dos artesáns da zona, así coma a divulgación de música, oficios e cultura; fan desta cita, un evento marcado no calendario e de obrigada asistencia. Sen embargo, por terceiro ano consecutivo -o último ano foi o 12 de agosto do 2018 onde cumpriu 22 edicións-, non se pode festexar por mor da situación provocada pola covid-19.

Malia a rebaixa de restricións e a baixada de casos, moitas localidades, como a de Samos, prefieren non arriscar con estas celebracións e aprazalas para cando remate esta situación de incerteza.

Preparan unha actuación patrimonial para o km 100

O Concello de Paradela anuncia que se está prestando un proxecto sobre o Km 100 para darlle a valía que ten como emblema na zona. Desta maneira, o marco deste kilómetro de tanta relevancia, por ser o punto de partida mínimo para adquirir a compostelana, está situado nunha corredoira da aldea da Pena.

Con isto, dende o Concello están a amañar A Pena para recuperar o pobo tradicional que era e polo que pasa o Camiño Francés. Según o alcalde, José Manuel Mato, están pendentes de que as obras avancen para facer alí unha pequena actuación patrimonial e artística na que se reflexe dunha maneira máis clara a mouteira



do kilómetro 100.

Polo momento aínda se está a traballar no propio pobo mettendo o alumeado público, o servizo da auga, entre outras actuacións para recuperar un pobo con historia e do que parte, na actualidade, o fito dese kilómetro tan buscado.

COLABORACIONES

Vinte e cinco anos

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

A sí é. Conmemórase por estas datas un cuarto de século, tal e como diferentes medios, desde a radio e televisión ata a prensa, nolo lembran, da apertura do tramo de autovía entre as localidades de Baamonde e Monte Salgueiro, que con máis de vinte quilómetros, resulta ser o máis longo da devandita infraestrutura dentro de Galicia. Aínda habería que agardar uns meses máis para esta obra, a chamada A 6 unise por completo as cidades herculina e a das murallas. Non era sen tempo, xa que as peculiaridades do chan no municipio de Begonte, onde a presenza das daquela nada coñecidas Lagoas de Rio Caldo, así como os misteriosos Pozos do Olló, que tan só tiñan presenza entre os veciños máis próximos, retrasaron considerablemente o remate definitivo dos traballos. Os enxeñeiros tiveron

que agudizar o enxeño e aplicarse ben para que o formigón non fose tragado pola terra e os pilares se asentasen de maneira definitiva e segura.

Nesta columna tense comentado en diversas ocasións sobre as vías de comunicación na nosa Terra, recalando o déficit considerable que sempre existiu, especialmente na provincia de Lugo, en concreto na Chaira. A infrautilización dos camiños de ferro, mellor dito, do camiño, xa que só existe unha liña, e a tardanza na finalización das novas estradas proxectadas, resultaron ser un lastre para o desenvolvemento e progreso das nosas entidades de poboación. Por iso, de grande alegría e satisfacción foi a nova á que estamos a referirmonos. Como moitos outros avances, botando moito a vista atrás –ou non tanto-, chegou tarde. Aínda así, cómpre destacar a incidencia, en xeral positiva da autovía A 6 nos municipios chairregos por onde descorre. De xustiza é recoñecer a grande área industrial que abrangue desde Outeiro de Rei ata Guitiriz, cuns polígonos e áreas de servizos nos

cales, paseniño, foron asentándose empresas que xeraron postos de traballo na zona, un valor engadido para o progreso das comunidades. E non soamente iso, senón que contribuíu a aliviar a elevadísima densidade de tráfico que soportaba a tradicional Nadiónal Sexta. Tamén é certo, debendo suliñarse, que algúns negocios se viron afectados por esa desviación de vehículos que atravesaban os núcleos urbanos. Son os danos colaterais que sempre conleva o progreso. No saber reinventarse e adaptarse ás novas circunstancias, estivo a clave da continuidade de moitos deles e incluso en casos, a mellora. Un lembra aqueles anos en que se construíu a autovía e na principal consecuencia inmediata, que non foi outra que unha inxección económica para os concellos, derivada do considerable número de veciños que se empregaron. En fin, parece que foi onte, pero non, xa van aló un par de décadas. Abofé que nos conformamos con ben pouco, pero é que viñamos da nada, polo que nos sentimos daquela moi ledos da

obra en cuestión. Anos máis tarde, entraría en funcionamento a autovía que nos une con Ribadeo

e o Cantábrico. E moito máis fai falta. Pouco a pouco, adóitase dicir. Boa verdade.


ELISARDO BARCALA



Web: www.ebarcala.com
Facebook: @ebarcala

Falemos do rural

PARLADOIRO



Daniel Prado

Por qué falta xente no rural? Temos que limitarnos a pensar –como moita xente di– que as persoas fuxen do rural debido a que vida no campo é máis dura que nas cidades? Persoalmente teño unha resposta pra iso; proba a traballar nunha fábrica ou a ter xornadas de traballo de 10 ou 12 horas en calquera establecemento urbano. O problema non é que no campo a vida sexa máis dura, a vida é dura en calquera lugar sempre que non podas chegar a final de mes. O problema, por ende, non é a dureza dos traballos que se desenrolan no rural, nese caso o problema sería da organización do traballo e, efectivamente, hai un problema nese ámbito.

O traballo non está organizado para que a vida humana sexa digna, se non para que o sistema económico sobreviva. Pero ese é outro tema...

Tamén hai xente que opina que a falta de poboación nas aldeas é debido a mala disposición de moitos concellos e parroquias, así como pola falta de infraestruturas e servizos. Para iso xa temos solución, témola dende o 78 e parte dunha boa “educación electoral” que consiste en entender que se debe votar a aquel partido que cree infraestruturas para o seu concello –dado este caso concreto, claro está– non a xente que se adica a privatizar servizos públicos como o de extinción de lumes. Pero ese volve a ser outro tema. Por outro lado hai xente que di que no rural hai peores condicións de vida pola falta de investimento na creación de empresas, como ben poden ser supermercados ou loxas de roupa. Nese

sentido, como rapaz que vestiu sempre da feira, non me queda máis que rir, porén, en pro de solucionar as súas esixencias dirilles que o Goberno ten capacidade máis que de sobra para crear calquera tipo de comercio público, de calquera índole, sen necesidade de reportar beneficios, de facto, o seu “leitmotiv” e só e exclusivamente a satisfacción do interese xeral, polo que, ben pode crear loxas de comida ou de roupa en calquera lugar, por alonxado que este, pero non o fai, iso non reporta suficientes votos nas eleccións, mais, volvémonos a alonxar do tema principal... ou non?

O problema demográfico do rural parte do desmantelamento económico e social que leva sufrindo séculos, no caso da Galiza e de España menos que en países como Alemaña polo tarde que chegou a industrialización, porén está claro que hai parroquias abocadas a súa

desaparición e o proceso non fai máis que acelerar. O “problema do rural” non é un problema, é unha recua deles que nos conducen a un só culpable; a elite política e gobernante. No momento no que se pechan centros de saúde por “falta de pacientes”, asúmese que as institucións non pretenden ofrecer servizos públicos cunha clara intención de satisfacer o interese xeral, cando se permite plantar eucaliptos ou se fan leis de recalificacións de terreo fomentando a queima de monte, percíbese que as nosas serras e montes non son dignos de erixirse como un interese xeral a protexer, se non a desmantelar en beneficio duns poucos. O caso é que da igual quen faga o qué, xa que virá alguén a dicirme “sen incendiarios non habería lumes”, paréceme ben, cun sistema público e eficaz contra os lumes tampouco, pero importa ren, o caso e que os que sofren as con-

secuencias deste tipo de cousas somos sempre os mesmos, nós, os de sempre.

Chegados a este punto, só nos queda unha alternativa clara; relevar a xente que está no poder. Persoalmente agradézolles que chegasen ate aí para non facer nada, pero xa chegou a broma, toca poñerse a traballar de verdade, hai moitas estradas que facer, médicos que chamar, loxas que abrir e cen mil cousas máis que facer, porque se non... Se non, non pasa nada, só se esvaecerá unha aldea máis, ou unha parroquia enteira. Quizais reviva no verano, enchida deses que falan con acento fino e veñen con cartos a comelos percibes en agosto, quizais nin chegue a iso e, máis probablemente, só quede resentimento entre os que vemos como a nosa xente xa non pode vivir onde naceu. Do rural non nos imos, bótannos. Xa vai sendo hora de que os botemos nós das súas cadeiras.


DEPUTACIÓN

O Pleno acorda instar á Xunta a reforzar a Atención Primaria

A Corporación da Deputación de Lugo acordou no Pleno ordinario de xullo reclamarlle á Xunta de Galicia que elabore un plan de choque para dotar de medios humanos os cadros de persoal do Sergas, medidas de reforzo para a Atención Primaria, na que recortou máis de 1.100 prazas dende que goberna o Partido Popular, a recuperación do sistema de rastrexo da Covid-19 e o mantemento das camas hospitalarias en funcionamento. A proposta, presentada polo Goberno provincial, saíu adiante coa apoio do PSdeG e o BNG, e cos votos en contra do PP.

Con respecto aos cadros de persoal, a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, explicou que “hai que revertir os recortes feitos polos sucesivos gobernos do PP, faltan especialistas e a idade media dos profesionais do sistema fai prever que as xubilacións dos vindeiros anos van agravar as carencias”.

Así mesmo, a Deputada incidiu na situación de sobrecarga de traballo que sofren os centros de saúde da provincia debido á incidencia da pandemia da Covid-19 entre os grupos de idade máis novos da poboación e pide que se recupere o sistema de rastrexo desta enfermidade que se puxo en funcionamento meses anteriores, de tal maneira que “a acción dos rastrexadores contribúa a aliviar ese colapso que se vive na Atención Primaria. Feijóo non foi capaz de prever o que antes do verán indicaban os expertos: o virus buscaría novos



brancos como as persoas máis novas, e por iso se están disparando os contaxios nesta parte da poboación”. A voceira socialista do Goberno explicou que é necesario que o Executivo autonómico manteña todas as camas hospitalarias dispoñibles este verán “porque non é aceptable que nun momento de emerxencia sanitaria como o que vivimos debido á pandemia se pechen recursos pola decisión de non cubrir as vacacións do persoal”.

GALICIA MÁRTIR. A moción do BNG en demanda da institucionalización do 17 de agosto como Día da Galiza Mártir foi aprobada polo Pleno provincial, que insta así a Xunta de Galicia a recoñecer a data, que coincide co cabodano do fusilamento de Alexandre Bóveda, como “celebración nacional en Galiza, en memoria e homenaxe de todas as galegas e galegos que deron a súa vida ou pa-

deceron o exilio por defenderen as liberdades e dereitos democráticos e nacionais do pobo galego, plasmados dentro do marco constitucional daquela vixente”

A proposta presentada polos nacionalistas, e apoiada polo PSdG, saíu adiante malia a oposición do Partido Popular que no debate plenario “se puxo de perfil” evidenciando un “xiro” que, segundo remarcou o voceiro nacionalista Efrén Castro, “fai que estas propostas, que son unha reivindicación histórica do BNG, sexan hoxe máis necesarias ca nunca”.

“O Día da Galiza Mártir pretende homenaxear as persoas asasinadas e represaliadas por defenderen os dereitos democráticos. As institucións temos a obriga de contar a historia como foi e repoñer as vítimas. Dino todos os tratados internacionais e fano outros estados, independentemente da súa ideoloxía”, argumentou o voceiro do BNG.

A conmemoración do Día da Galiza Mártir foi instaurada en 1942 en Bos Aires, polos galegos no exilio, na honra de Alexandre Bóveda, fusilado na Caeira, en Poio, no 1936, tras un xuízo militar sumarísimo.

O voceiro do PP, Javier Castiñeira, lamenta que PSOE e BNG “ridiculicen a quen traballa”, evitando sumarse ao proxecto de AJE Lugo nos Fondos Next Generation. Os populares levaron esta moción ao pleno porque “é o futuro” e para impedir que o goberno provincial siga “chegando tarde a todo”.

Ponse en marcha Saborea a túa provincia



Presentación do programa no pazo de San Marcos

Púxose en marcha o programa Saborea a túa provincia cunha demostración das xornadas gastronómicas e lúdicas que percorrerán a provincia na praza de San Marcos. Viveiro acolleu a primeira parada, unha cita gratuíta que recalará tamén nos concellos de Burela, Lourenzán, O Valadouro, A Fonsagrada, Guitiriz, Láncara e Monforte de Lemos ao longo das fins de semana do mes de agosto.

Cada unha das xornadas do Saborea a túa provincia arrancará ás 11.30 horas e prologarase ata as 19.30, e contará con catro espazos diferenciados. Primeiro, un autobús-cociña onde profesionais da asociación provincial de cociñeiros e cociñeiras de Lugo elaborarán receitas con produtos típicos de cada zona. Utilizarán alimentos con distinción da súa calidade polo selo Denominación de Orixe ou Indicación Xeográfica Protexida, como a Faba de Lourenzán, a Pataca Galega,

o Pemento de Mougán, o Lacón, a Tarta de Santiago, o Mel de Galicia ou o queixo San Simón da Costa; e tamén empregarán nas súas elaboracións razas autóctonas como o Porco Celta, a Galiña de Mos ou o Vacún Galego. Estas demostracións culinarias poderán seguirse nunha pantalla xigante, terán lugar pola mañá e poderán participar un máximo de 50 persoas.

Tamén haberá unha degustación de pratos elaborados con produtos de proximidade. Esta actividade terá lugar polas tardes e poderán participar ata 100 persoas. Continuarán con conferencias e catas da man dos responsables de produtos con recoñecemento de Denominación de Orixe e Indicación Xeográfica Protexida da Provincia. O outro espazo estará dedicado a concertos, nos que actuarán grupos musicais da zona, e a espectáculos de maxia para os máis pequenos da man do Mago Rafa.

Arrinca o programa Lugo Termal

Arrinca unha nova edición do programa Lugo Termal, que este ano abriuse a persoas maiores de 50 anos, e con acompañantes que non teñan esta idade.

Os veciños e veciñas da provincia poden solicitar xa algunha das 1.320 prazas con estancia e sen estancia que ofrece a Deputación, a través do Rexistro Xeral ou tamén, a partir das 00.00 horas, a través da páxina web da Deputación.

As persoas beneficiarias deberán cumprir con tres requisitos, ademais da idade: estar empadroadado ou empadroadada nalgún dos concellos da provincia, valerse por si mesma, non padecer alteracións do comportamento que afecten á convivencia e carecer de contraindicacións médicas.

Porán en marcha un servizo gratuío de asesoramento

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo, Manuel Núñez, asinaron un convenio de colaboración polo que a institución provincial achega a esta entidade 25.000 euros, unha aportación económica para o mantemento do servizo gratuío de información e asesoramento sociolaboral á veciñanza en situación de vulnerabilidade.

Desta prestación, a cargo dun equipo de 94 profesionais do Colexio de Graduados Sociais, beneficiáronse 73 persoas ao longo do ano pasado. Tal e como apuntan desde o colectivo, o principal obxecto de consulta durante o

2020 foron os ERTES. O presidente da Deputación destacou que este servizo profesional de orientación en materia sociolaboral contribúe “de maneira importante á xustiza social e á igualdade, uns valores cos que nesta institución estamos firmemente comprometidos e que intentamos favorecer de xeito transversal en todas as accións do Goberno, e máis agora diante dunha crise económica provocada pola pandemia”.

As persoas interesadas en empregar este servizo poden solicitar unha cita previa expoñendo o motivo da consulta e a zona da provincia cubrindo o formulario colgado na páxina web deste entidade.

Aberto o prazo das axudas para a mellora de servizos no rural

A Deputación de Lugo abriu o prazo para solicitar as subvencións do programa de Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios do rural que conta cunha dotación económica de 300.000€. Trátase dunha liña de axudas de concorrencia competitiva á que poderán optar durante un mes -ata o vindeiro 28 de agosto- as entidades asociativas da provincia.

Poden pedir estas axudas, que oscilarán entre os 1.000 e os 6.000€, entidades asociativas, tales como asociacións e agrupacións de veciños e veciñas, comunidades de usuarios e usuarias de augas, comunidades de montes ou asociacións de gandeiros,

agricultores ou produtores forestais da provincia para realizar investimentos en inmobles ou para equipamentos que sirvan para mellorar a calidade de vida, e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal.

Entre as actuacións atópase a mellora de vías públicas e accesos; as obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais nos que a entidade desenvolve a súa actividade; adquisición de equipamentos para os locais que resulten necesarios para o funcionamento común da entidade; obras novas de mellora, reforma e reparación das infraestruturas e instalacións das traídas.

DEPORTES

“Queremos estar preto das persoas e facelas partícipes do club”

Antonio Feijoo, presidente do Incio CF, equipo de Segunda Autonómica

Antonio Feijoo, presidente do Incio CF que milita na segunda autonómica de fútbol, comenta os pros e os contras dun equipo humilde e con poucos recursos que disfruta do deporte.

En que ano naceu o Incio CF e por que surxi a idea?

O Incio CF naceu no ano 2015, recollendo o testigo do antigo C.D. O Incio que deixara de competir 10 anos atrás. A idea surxi logo de detectar que había interese por parte de numerosos rapaces do municipio e arredores por retomar a práctica deportiva no seu pobo, e un grupo destes rapaces baixo a miña presidencia, decidimos formar unha xunta directiva e sacar adiante este proxecto.

Que destacaría do clube?

É un clube humilde, pero que trata de ser o máis familiar posible e acolledor para todo aquel que quere formar parte del, ben sexa dende a directiva, xogadores, colaboradores, socios, etc. Tratamos sempre de competir polos máximos obxectivos pero sen descoñecer que a esencia do fútbol afeccionado na categoría na que nos atopamos ten que ser a de pasalo ben e disfrutar deste deporte.

Que aspectos considera que hai que mellorar?

Sempre se pode mellorar e gustaríanos dar un paso adiante en canto a instalacións, aínda que somos conscientes de que son bastante adecuadas á categoría e ao perfil de municipio no que nos atopamos. Neste senso deuse un paso

importante co arranxo da cantina do campo e próximamente coa adecuación dunha zona anexa para poder adestrar.

Que obxectivos ten a nivel club e a nivel equipo?

A nivel club o principal obxectivo é ofrecer a xente nova do pobo e dos concellos limítrofes a posibilidade de dispor dun equipo no que xogar ao fútbol a nivel federado, que represente con orgullo ao noso concello e que loite en cada partido. A nivel equipo o obxectivo é ser o máis competitivo posible nesta segunda autonómica, pelexando para disfrutar no campo e gañar cada partido. A evolución da tempada, do traballo diario, dos resultados que se vaian acadando e do nivel da categoría, marcarán o lugar que nos corresponda e os obxectivos máis concretos.

Como ve a tempada que vén despois deste ano? Xa se está a traballar no proxecto?

Dende marzo de 2020 non se compite por mor da pandemia. A previsión da Federación é retomar a competición en outubro se a situación sanitaria o permite. Hai moitas gañas, pero deberá facerse con todas as garantías. O clube está preparado para a volta a competición, contamos coa continuidade da maioría de xogadores do último ano e con algún novo. Ademais, o adestrador será Michel, un referente no fútbol comarcal e que logo duns anos de inactividade volve aos terreos de xogo. Sen dúbida, dispor dun adestra-

dor deste nivel, con traxectoria en equipos de superior categoría, será un plus para os rapaces.

Este ano, varios dos xogadores foron ata o colexio do Incio para facer uns adestramentos cos nenos e nenas, como se valora dende o club ou os propios xogadores esa experiencia?

Consideramos que temos que ser máis que un simple equipo de fútbol. Queremos estar preto da sociedade e facelos partícipes do club. E como non, os máis cativos son parte imprescindible neste proxecto. Queremos que veñan a vernos ao campo e ir traballando para que algún día poidan xogar no equipo do seu pobo. Existe moi boa acollida e interese pola súa parte, e tamén por parte dos xogadores do equipo, polo que intentaremos repetir este tipo de iniciativas.

Existe un proxecto a longo prazo do clube?

Neste tipo de proxectos tan humildes e en concellos tan pequenos coma o noso e con pouca xente nova é difícil planificar a longo prazo, pero temos sentadas as bases para que o proxecto se mantenga no tempo, con xogadores suficientes para competir e o respaldo económico de diversas empresas colaboradoras e socios, sendo xusto destacar a empresa local Magnesitas de Rubián S.A. como principal patrocinador. Tamén o Concello respalda o proxecto e existe a colaboración periódica do resto de Administracións.



Arriba, celebrando o ascenso a Segunda Autonómica no ano 2018, e, abaixo a afección no municipal do Carboeiro

Plantéxase crear categorías inferiores do clube?

Na actualidade é unha cuestión inviable pero si que queremos continuar na liña de achegarnos aos máis cativos con actividades extraescolares, facendoos partícipes do equipo no día a día, nalgún adestramento... Existe demanda deste tipo de actividades por parte dos nenos do colexio e gustaríanos atopar a fórmula para facer algo bonito con eles, pero será moi complexo poder facelo a nivel federado.

Para nós, e coido que para o resto de equipos das características do noso en pequenos municipios

rurais, costa moito atopar xente para un equipo de adultos, como para facelo con cativos e por tramos de idades. Nós tempos a sorte de contar con bastantes xogadores do concello e tamén dos arredores que renovan cada ano e iso danos unha estabilidade.

Como valoran o apoio do pobo do Incio?

Estamos moi contentos coa cantidade de xente que nos vén a ver, tanto nos partidos como locais como os habituais que se suelen desprazar. Para nós é un orgullo representar ao pobo do Incio pola provincia e sentir o seu apoio.



Fede Vázquez cos pequenos do CEIP Ricardo Gasset e os xogadores do Incio CF celebrando un gol durante un partido da última tempada

A Sarriana prepara a nova tempada con canteiráns e fichaxes

Entrado o mes de agosto, moitos dos equipos de fútbol xa comezaron a pretemporada co obxectivo de chegar da mellor forma posible ao inicio de liga. Este foi un ano pouco habitual xa que a maioría dos xogadores que disputaron esta pasada tempada, case non tiveron descanso. Feito que lle pasou ao Sarriana, que xa conta cun amplo equipo composto por fichaxes, renovacións e xogadores da canteira que están adestrando neste inicio co primeiro equipo. Así pois, entre os xogadores renovados atópanse nomes como Oscar Rivas, Javi Liz e Parapar na portería, Keko Vilariño, Jacobo Vilariño, Diego Rey, Javier Carnero, Ruchi, Álex Pérez e Omar.

Xunta a eles, encóntranse fichaxes que apostaron polo proxecto que ofrecía o equipo sarriano coma Diego Torres, procedente do Lemos, Yago Fernández, Diego Rey e Carlos Murua, tres xogadores sarrianos que chegan a Sarria procedentes do Club Deportivo Lugo, Julio Camba, do Santaballés, Diego Mitogo, do CD As Pontes e Pancho, ex do Deportivo da Coruña B e procedente do Atlético Coruña Montañeros.

Unhas fichaxes de calidade que, unidas á base do equipo que se mantén dende o ano pasado, buscarán competir como equipo ese ascenso que este ano se quedou tan preto de alcanzarse.

EQUIPOS DE BASE. A SD Sarriana abre o prazo de preinscrición para anotarse nas categorías de fútbol base.

Unha vez rematada a pasada tempa-



da e entrado xa o mes de agosto, os equipos están a planificar o inicio de todas as categorías e os xogadores e xogadoras cos que se contan nun primeiro momento. Por iso, dende a Sarriana queren comezar con este proceso a través da realización dunha preinscrición nas redes sociais do club.

A SD Sarriana é un equipo involucrado na base ao que lle gusta traballar na escola de fútbol base para que, xogadores cos que leva contando durante as categorías inferiores, poidan chegar ao primeiro equipo.

NOVA DIRECTIVA. O vindeiro xoves 12 de agosto, a SD Sarriana anunciará a composición da nova directiva. O actual presidente, Manuel Sangil, xa anunciara que, despois de catro anos de mandato, prefería non continuar no cargo. Ademais, o feito de non lograr o ascenso a causa dun gol considerábalo unha "desilusión enorme".

Cancelado un ano máis o DH Urbano de Sarria pola pandemia

O DH Urbano de Sarria queda un ano máis sen celebrar. Así o informaron os organizadores, o Dhgteam, que consideran que a mellor opción é esperar un ano máis por mor da pandemia. Desta maneira, tamén continúan traballando para que a seguinte edición sexa especial e un éxito.

Este evento é un dos máis coñecidos na comarca e foi premiado pola Federación Galega de ciclismo como o mellor evento do ano. Este espectáculo pódese realizar grazas á axuda de máis de 60 voluntarios que reparten e realizan as máis de 100 estruturas de madeira



Práctica de DH

coas que conta o circuito. Acrobacias, velocidade e emoción son tres características que definen, de forma resumi-

da, un consolidado Descenso urbano de MTB que ten que pechar as súas portas un ano máis a causa da situación sanitaria.

O CB Sarria colabora coa Cruz Vermella a través dun vídeo

O CB Sarria colaborou cunha iniciativa da Cruz Vermella da vila a través dun vídeo dun dos equipos das categorías inferiores do feminino. A iniciativa realizouse para seguir traballando por encher os fogares máis vulnerables de compañía e benestar, obrando pola integración laboral e pola loita pola vida e a saúde.

Para iso, puxéronse á venda entradas para unha cea virtual que cumpre xa a XXI edición. Nela participábase no sorteo de ceas organizadas por restaurantes da comarca de Sarria. Así pois, os gañadores foron: a tarxeta número 236, a tarxeta número 046 e a tarxeta número 245.



Un intre do vídeo

TELÉFONOS DE INTERESE

LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77
Garda Civil: 982 54 31 47
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

PARADELA

Concello: 982 54 11 01
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

SARRIA

Concello: 982 53 50 00
Policía Local: 982 53 08 50
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11
982 53 21 12 / 982 53 21 13

SAMOS

Concello: 982 54 60 02
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

O INCIO

Concello: 982 42 70 14
Garda Civil: 982 42 00 46
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | **Incendios Forestais: 085**
Urxencias Sanitarias: 061 | **Garda Civil: 062**



TRICASTELA

Concello: 982 54 81 47
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@sarriaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 57-2021

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

A igrexa de Barbadelo, unha sorpresa no Camiño



Diferentes vistas e detalles da igrexa de Barbadelo

Percorrer o Camiño de Santiago trae consigo unha chea de sorpresas a nivel histórico e cultural. Igrexas, capelas, monumentos e lendas son algunhas de todas esas sorpresas que se poden atopar, nunha aventura especial e única que esconde tanta riqueza.

Así pois, debido á relixiosidade da andaina, a maior parte dos elementos ou todos os que se atopan nela, -a excepción de pontes ou outros elementos arquitectónicos precisos para poder continuar camiñando- son de carácter relixioso. Sen embargo, e a causa das diversas épocas nas que se fixeron, os estilos arquitectónicos son diferentes, creando un Camiño de Santiago cheo de arte de épocas distintas.

Unha das igrexas coas que te atopas recorrendo o Camiño é a

de Santiago de Barbadelo, unha construción da segunda metade do século XII dunha soa nave. Esta edificación atópase nunha parroquia de Sarria denominada Barbadelo, preto do río do mesmo nome e a 123 quilómetros de Santiago de Compostela. A igrexa está situada nunha zona tranquila e curiosa onde existiu, con anterioridade, un mosteiro que data do século X e que incluso está recollido no Códice Calixtino.

En canto ao exterior, de pedra, conta en cada un dos seus tres muros cunha portada de claro estilo románico. Sen embargo, a da fachada sur está cegada na actualidade. Na oeste e na norte, mantéñense as súas portadas románicas nas que se pode descubrir unha decoración curiosa e interesante con motivos zoomórficos, antropomórficos e fitomórficos. Destaca a portada

principal, cun número importante de elementos decorativos únicos e enigmáticos, moitos deles que escapan da realidade e deixan voar a imaxinación daquelas persoas que os contemplan.

Desta maneira, atópanse catro capiteis nos que se esculpiron figuras un tanto complexas do reino animal: por unha beira, aparecen dúas serpes con rostro de dragón cuxos corpos se entrelazan entre si, formando unha figura curiosa e única. Mentres, nas outras dúas, aparecen dous leóns enfrontados. Así mesmo, a portada tamén se compón de dúas arquivoltas lisas de medio punto. O tímpano, polo seu lado, está decorado por rosetas e unha cruz, así coma unha figura que presenta os brazos alzados con dúas estrelas en cada lado.

Unha igrexa única, con gravados singulares na que tamén se pode salientar a torre románica construída no lado noroeste da igrexa. Nela pódense distinguir tres corpos e resalta a súa arquitectura interior. A decoración dos capiteis das columnas nas que se apoian os arcos de medio punto son característicos e chaman a atención nunha edificación de obrigada parada.

Para concluír, hai que destacar que foi declarada Monumento Nacional en 1976, sendo dende daquelas, un Ben de Interese Cultural. Unha sorpresa de orixe románico, que o Camiño de Santiago reserva para todas aquelas persoas que o queiran contemplar.

